

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e nove de abril de 2016, reúnese en primeira convocatoria os membros da corporación que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago,, Marina Tojeiro Martínez., Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao. baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. Non asistiu David Prada Aneiros, e Ana Rodríguez Montero, De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1 Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o días 19.02.2015. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.

2. Inicio do expediente de deslinde co Concello de Moeche . Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : **Antecedentes administrativos.** O día 16/05/2013 o Concello de Moeche , envía a este Concello , un exemplar do Plan Xeral de Ordenación Municipal que están tramitando para que dende o Concello de Cerdido realizáramos as alegacións que estimáramos oportunas . O día 11/07/2013 remitiuse ao Concello de Moeche as alegacións , onde se manifestaba que tras un informe redactado pola Arquitecta María Carmen Nóvoa Sio , no plano de ordenación da estrutura xeral do territorios (escala 1/5000) non coinciden os límites territoriais entre o Concello de Cerdido e o Concello de Moeche coa delimitación realizada polo Instituto Xeográfico Nacional en base as actas de deslinde asinadas o día 06/09/1940 .Tras unha reunión mantida no Concello de Moeche , faise necesario proceder a determinar a localización dos fitos da liña límite entre os Concellos de Moeche e Cerdido, de acordo co establecido na acta de deslinde de 6 de setembro de 1940 entre os termos municipais de Moeche e Cerdido procedemento que se iniciou por acordo do Pleno do día 19 de febreiro de 2016. Mantida unha reunión de traballo no Concello de Moeche o día 29 de marzo de 2016, chégase a conclusión da imposibilidade material de localización dos fitos e ante a necesidade de realizar un deslinde , dado que as planimetrías existentes nos dous concellos non coinciden cos límites municipais . Por todo isto e atendendo como **lexislación aplicable:** O artigo 47.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. O artigo 40 e seguintes da Lei 5/1997 de 7 de xullo de Administración Local de Galicia Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento para o deslinde entre os Concellos de Moeche e Cerdido, seguindo a documentación existente .**Segundo:** Nomear como membros da Comisión, que levará a cabo a verificación das operacións de deslinde, a: D. Benigno Galego Castro Alcalde do Concello de Cerdido .D. Pablo Casas Cibreiro Concelleiro do Concello de Cerdido .D. Juan José Ramos Prieto , Concelleiro do Concello de Cerdido D. David, Prada Aneiros , Concelleiro do Concello de Cerdido **Terceiro:** Facultar ao Alcalde de Cerdido para que designe a un Perito que asistirá ao Concello nas labores de deslinde así como a dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio en que estiveron os marcos ou sinais divisorias .**Os membros da corporación presentes , prestaron aprobación a proposta anterior por unanimidade .**

O alcalde explica que se pretendeu localizar os marcos entre os dous concellos , pero non foi posible polo que debemos realizar un deslinde .



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

3.- Dar conta da liquidación do orzamento de 2015, A secretaria deu lectura o decreto da Alcaldía Num 61/2016 que se copia deseguido : Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2015 e , e tendo en conta os informes redactados pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2015**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:	145.181,57 €
	118.130,45€
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	17.832,99 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	9.218,13 €
c.- de operacións non presupostarias	800,00 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	
2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio	32.858,81 €
a.-De presuposto corrente	11.179,36 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	21.018,51 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	18.073,24 €
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	129,596,00 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	6.436,85 €
6.- Exceso de financiamento afectada	0,00 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	123.159,15 €

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.145,150,51 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1,113,395,35 €
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	31.755,16 €
4. Desviacións positivas de financiamento	1.074,92 €
5. Desviacións negativas de financiamento	1.124,38 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	17.681,53 €
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	49.486,15€

SEGUNDO : En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2015, cumpriuse o obxectivo de estabilidade presupostaria segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros : Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes liquidados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Liquidación de ingresos

Dereitos recoñecidos netos

Capítulo	Cantidad (€)	Capítulo	Cantidad (€)
Capítulo 1	177,769,31 €	Capítulo 1	435.047,45 €
Capítulo 2	1864,11 €	Capítulo 2	370.424,78 €
Capítulo 3	113,017,92 €	Capítulo 3	0,00 €
Capítulo 4	577.191,98 €	Capítulo 4	11.642,69 €
Capítulo 5	16.902,75 €	Capítulo 5	0,00 €
Capítulo 6	0,00 €	Capítulo 6	296.280,43 €
Capítulo 7	258.404,44 €	Capítulo 7	0,00 €
TOTAL	1.145,150,51 €	TOTAL	1.113.395,35 €

Liquidación de gastos Obligacións recoñecidas netas

Capacidade/Necesidade de financiamento ANTES dos axustes: 31.755,16 €

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.145.150,51	1.113.395,35	1.454,53	0,00	33.209,69

Objetivo en 2015 de Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación contemplado en el Plan Económico Financiero aprobado Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local 33.209,69
0,00

LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Axustes realizados : Devolución do PTE 2008/2009 Total : 1454,53 € A variación dos pasivos financeiros foi nula, o concello carece de préstamos pendentes de amortizar e non se endebedou . Polo que cumpre coa estabilidade financeira .No exercicio 2015 , incumpríuse a regra de gastos , segundo se desprende do seguintes datos:


Entidad	Gasto computable Liq.2014 sin IFs (GC2014) ^I	Gasto inversiones financieramente sostenibles L-2014 ^{II}	(2)= ((1)-(11)) ⁺ (1+TRCPIB) ^{III}	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2015 (IncNorm2015) ^{IV}	Gasto inversiones financieramente sostenibles L-2015 (4)	Limite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2015 (GC2015) ^V
11-15-025-AA-000 Cerdido	723.332,81	-71.728,77	660.074,89	0,00	5.542,00	660.074,89	724.514,22
Total de gasto computable	723.332,81	-71.729,00	660.074,89	0,00	5.542,00	660.074,89	724.514,22

Diferencia entre el "Limite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2015" (GC2015) (5)-(6) -64.439,33
% incremento gasto computable 2015 s/ 2014 0,16

LA CORPORACIÓN NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)

SEGUNDO: Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda. Dado en Cerdido, a once de abril de 2016:

4.-Dar conta das resolucións da Alcaldía . A secretaria d eu lectura a relación de decretos que se



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


copia deseguido :

Núm.	Data	Descrición
Febreiro 2016		
27	18.02.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Sete de Arriba, 4
28	18.02.2016	Solicitude dunha subvencións ao INEGA para cambiar a caldeira de gasóleo do Castro por unha de biomasa policombustible
29	22.02.2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 108 á nº 181
30	25.02.2016	Aprobación do proxecto de obradoiro de emprego “Comarca do Ortegal III”
31	26.02.2016	Licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
32	26.02.2016	Aprobación da participación no programa de mellora de camiños de acceso a granxas 2016 do FEADER co proxecto “Camiño O Porto – A Rañoa - Barbelas”
33	26.02.2016	Inscripción no Rexistro de animais potencialmente perigosos dun can en Espiño, 4
34	24.02.2016	Ampliación do prazo de execución da obra: Mellora de instalacións deportivas e educativas municipais polas malas condicións do terreo
Marzo 2016		
35	01.03.2016	Ampliación a AFAES Portanova do horario de uso da cociña dos Casás
36	04.03.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 34
37	04.03.2016	Incorporación de remanentes do presuposto do 2015 ao do 2016 polo concepto de mellora de instalacións deportivas e educativas municipais
38	07.03.2016	Aprobación do plan orzamentario a medio prazo
39	08.03.2016	Aprobación dos recibos do SAF correspondentes ao mes de febreiro de 2016
40	10.03.2016	Devolución da garantía polo aluguer do 3º piso de Felgasas
41	10.03.2016	Desestimación del recurso de reposición presentado por Equipamentos deportivos SL en relación a adxudicación de Mellora de instalacións deportivas e educativas municipais
42	10.03.2016	Aprobación da certificación nº 1 da obra de Mellora de instalacións deportivas e educativas municipais e aprobación da taxa
43	20.01.2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 182 á nº 282 agás a nº 219 que xa estaba facturada
44	15.03.2016	Aprobación da certificación nº 2 da obra de Mellora de instalacións deportivas e educativas municipais e aprobación da taxa
45	16.03.2016	Autorización a particular para usar o castro para unha celebración de aniversario infantil
46	17.03.2016	Solicitude dunha axuda á Deputación da Coruña para contratación do socorrista



Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
47	21.03.2016	Desestimación das alegacións presentadas por Angela Villarnovo Balado pola taxa do servizo de abastecemento de auga
48	21.03.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 17
49	23.03.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Sete de Arriba, 4
50	31.03.2016	Aprobación do plan orzamentario a medio prazo 2016 - 2018
51	31.03.2016	Aprobación da liquidación para compartir o servizo de arquitecto municipal co Concello de Valdoviño
51a	31.03.2016	Solicitude a Consellería de Política Social da transferencia finalista para o co-financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
52	31.03.2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 283 á nº 310
53	31.03.2016	Convocatoria do XVI Concurso de Contos do Concello de Cerdido
Abril 2016		
54	01.04.2016	Autorización a Asociación de Mulleres Rurais para usar a casa da cultura para unha xuntanza da directiva
55	04.04.2016	Autorización a Asociación de Mulleres Rurais para usar o local B da Escola de Avispeira con uso en exclusividade durante o período dun ano
56	04.04.2016	Autorización a Deputación da Coruña para usar a casa da cultura para un curso de formación
57	04.04.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Panceira, 2
58	05.04.2016	Aprobación dos recibos do SAF correspondentes ao mes de marzo de 2016
59	07.04.2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 311 á nº 327 e recoñecemento de trienios a Pilar e Adela
60	11.04.2016	Ampliación do prazo de remate da licenza de obras nº 2010/008/000006 a nome de José Landrove Pérez
61	11.04.2016	Aprobación da liquidación do exercicio económico 2015
62	12.04.2016	Dar de baixa de oficio a 10 persoas no padrón municipal de habitantes
63	18.04.2016	Aprobación de pagos de facturas da nº 328 á nº 406
64	19.04.2016	Contratar menor do servizo de reclamación da facturación errónea das empresas de subministro de enerxía eléctrica dende o ano 2013 ata abril 2016
65	20.04.2016	Emendar un erro no padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga do exercicio 2016 dunha vivenda en Felgosas, nº 10,
66	20.04.2015	Aprobar o expediente de contratación da obra incluída no POS 2016 e iniciar o proceso de adxudicación por procedemento aberto
67	25.04.2016	Convocatoria de Pleno ordinario



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O concelleiro **Juan Ramos Prieto** , solicita aclaración do Decreto Núm 28 .


O alcalde explica que se trata dunha subvención ao Inega para cambiar a caldeira da piscina e que por agora non solicitaron mais documentación

O concelleiro **José Esmoris Aldao** , solicita aclaración do Decreto Num32 para saber en que consistiran as obras , e suxire que se pode anhear un pouco a pista de Barbelas

O alcalde explica que se van a asfaltar , limpar as cuneta e realizar taxejas e que se barallou a posibilidade de facer unha especie de sendeiro pola pista de Barbelas porque pasea moita xente por ela pero que era moi custoso e excedía o presuposto concedido .

5.- Dar conta do informe sobre a información a remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondentes ao datos de execución do presuposto do primeiro trimestre do ano 2016. A secretaria deu lectura o informe que se copia deseguido: **Informe de Intervención** .Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa : **Primeiro** :Que o día 14.04.2016 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o primeiro trimestre do ano 2016 , tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos : Primeiro trimestre do ano 2016. **Anexo F.1.1.9: Calendario e Presuposto de Tesoureira**

CONCEPTO	RECAUDACION/PAGOS REALES Y ESTIMADOS					
	TRIMESTRE CERRADO RECAUDACION/PAGOS ACUMULADA AL FINAL DEL TRIMESTRE VENCIDO (2)					
	CORRIENTE			CERRADOS		
NO INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	TOTAL	NO INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	TOTAL	TOTAL
Fondos líquidos al inicio del periodo (1)						18.073,24
Cobros presupuestarios			143.033,11		90.770,88	233.803,99
1. Impuestos directos			51.502,43		0,00	51.502,43
2. Impuestos indirectos			193,52		0,00	193,52
3. Tasas y otros ingresos			19.866,12		18.528,80	38.394,92
4. Transferencias corrientes			69.658,52		54.867,51	124.526,03
5. Ingresos patrimoniales			1.812,52		850,00	2.662,52
6. Enajenación de inversiones reales			0,00		0,00	0,00
7. Transferencias de capital			0,00		16.524,57	16.524,57
8. Activos financieros			0,00		0,00	0,00
9. Pasivos financieros			0,00		0,00	0,00
Cobros no presupuestarios			21.585,06		0,00	21.585,06
Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva			400,00		0,00	400,00
Pagos Presupuestarios	220.851,05	2.845,31	223.696,36	11.179,36	0,00	234.875,72
1. Gastos de personal	90.050,71	2.845,31	92.896,02	7.751,56	0,00	100.647,58
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	62.841,37	0,00	62.841,37	3.427,80	0,00	66.269,17
3. Gastos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4. Transferencias corrientes	70,32	0,00	70,32	0,00	0,00	70,32
5. Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Inversiones reales	67.888,65	0,00	67.888,65	0,00	0,00	67.888,65
7. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8. Activos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9. Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pagos no presupuestarios	23.978,76	0,00	23.978,76	0,00	0,00	23.978,76
Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	1.815,00	0,00	1.815,00	0,00	0,00	1.815,00
Fondos líquidos al final del periodo						13.192,81



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

6.- Rogos e Preguntas

O concelleiro Pablo Casas Cibreiro realiza as seguintes pregunta a Alcaldía .

1. Houbo reclamacións no lugar de Casaldaia polo danos producidos pola desbrozadora nun peche dunha finca

O alcalde responde que non ten constancia de que se produxera ningún dano en Casaldaia e que non protestou ninguén , pero que preguntará ao persoal municipal

2. No lugar das Cerdeiras non se mirou da taxea e a pista que vai a Porto do Cabo ao Muiño esta en moi mal estado , e no lugar de Cruz dos Novas hai moita agua que ven do monte , e esta destrozando a pista .

O alcalde afirma que en breve empezarse coa limpeza de cunetas e se realizará co cazo de diante do tractor .

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de abril de 2016 a Presidencia deu por rematada a sesión . Do que eu como secretaria dou fe :

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie